



Guía Docente

Datos Identificativos					2021/22
Asignatura (*)	Manifestacións artísticas e literarias dos países de fala inglesa			Código	613505118
Titulación	Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (2019)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	Inglés				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Filoloxía InglesaLetras				
Coordinación	Cabarcos Traseira, Maria Jesus	Correo electrónico	maria.jesus.cabarcos@udc.es		
Profesorado	Cabarcos Traseira, Maria Jesus	Correo electrónico	maria.jesus.cabarcos@udc.es		
Web	www.imaes.eu/?page_id=31				
Descrición xeral	<p>Estudo das interaccións entre a literatura en lingua inglesa e outras manifestacións artísticas no contexto anglófono, como pintura, teatro, televisión, cine, etc. Análise das diferencias e similitudes temáticas e estéticas; estudo das particularidades, posibilidades e límites das linguaxes empregadas; exemplos de incorporación de aspectos dunha disciplina artística noutra diferente, contextualizados no caso dos países de fala inglesa.</p> <p>A materia fai especial fincapé na aplicabilidade dos contidos en ámbitos profesionais como a crítica cultural, ou a xestión de contidos culturais, para o que se proporcionará ao alumnado un vocabulario crítico axeitado e se lle ensinará a comentar e a escribir reseñas sobre manifestacións artísticas.</p>				
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Revisaranse as lecturas obrigatorias pendentes e, aínda que a intención é manter os contidos, valorarase acortar ou substituír os textos de lectura.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Prácticas a través de TIC</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Adaptaranse as metodoloxías de Obradoiro e Traballos Tutelados a o novo entorno exclusivamene non ? presencial por medio de Moodle/Teams. Proporcionaranse por estas canles presentacións autoexplicativas así coma outro material de ensinanza/aprendizaxe cunha guía para ir cumprindo obxectivos. Os exercicios tamén se adaptarán a estas canles: os debates terán lugar en Moodle/Teams e as tarefas orais pasarán a ter a opción de ser escritas.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Moodle/Teams/Correo electrónico/Teléfono</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Todo o indicado na guía docente segue vixente, aínda que se desenvolverá por medios exclusivamente electrónicos.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Ningunha</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------



A10	E10. Capacidade de utilizar as técnicas empregadas para a análise de textos artísticos e culturais no ámbito anglófono
A12	E12. Capacidade para comprender diferentes achegas teóricas e críticas así como a súa aplicación á análise de textos literarios e culturais no ámbito anglófono.
A13	E13. Coñecemento das relacións entre as principais manifestacións artísticas e literarias no ámbito anglófono.
B1	CB6. Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
B3	CB8. Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	CB9. Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
B5	CB10. Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B6	CX1. Capacidade de afondar naqueles conceptos, principios, teorías ou modelos relacionados cos distintos campos dos Estudos Ingleses, así como de coñecer a metodoloxía necesaria para a resolución de problemas propios de devandita área de estudo
B7	CX2. Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos na contorna multidisciplinar e multifacética dos Estudos Ingleses
B8	CX3. Capacidade para utilizar de forma eficiente as novas tecnoloxías da información e da comunicación no ámbito dos Estudos Ingleses.
B9	CX4. Capacidade para presentar en público experiencias, ideas ou informes, así como emitir xuízos en función de criterios, de normas externas ou de reflexións persoais para o que será necesario alcanzar un dominio suficiente da linguaxe académica e científica tanto na súa vertente escrita como oral.
B10	CX5. Habilidade para investigar e manexar novos coñecementos e información no contexto dos Estudos Ingleses
B11	CX6. Capacidade para adquirir un espírito crítico que leve aos estudantes a considerar a pertinencia das investigacións existentes nas áreas de estudo que conforman os Estudos Ingleses, así como das súas propias.
B12	CX7. Habilidades de consolidación e desenvolvemento da competencia lingüística (nivel C2) no uso falado e escrito da lingua inglesa.
B13	CX8. Autonomía progresiva na aprendizaxe, procura propias de recursos e información, accedendo para iso a fontes bibliográficas e documentais sobre os distintos ámbitos que conforman os Estudos Ingleses.
B14	CX9. Capacidade para realizar traballos de investigación de carácter académico nos distintos ámbitos dos Estudos Ingleses
B15	CX10. Capacidade para presentar e defender un traballo de investigación utilizando a terminoloxía e os recursos adecuados e apropiados dentro do campo obxecto de estudo.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Ser capaz de relacionar a literatura con outros textos artísticos e co contexto social, económico, cultural e político no que foron escritas (as obras literarias) / producidas (as visuais).	A12	BI5	
	A13	BI7	
		BI10	
		BI12	
		BI13	
		BI14	



Ser capaz de ler críticamente os textos narrativos, dramáticos e artísticos e de organizar e presentar as leituras dos textos tanto de xeito oral como escrito.	AI10	BI1
	AI12	BI3
	AI13	BI4
		BI5
		BI6
		BI7
		BI8
		BI9
		BI10
		BI11
		BI12
		BI13
		BI14
		BI15

Contidos	
Temas	Subtemas
Écfrase: a representación verbal da representación visual.	<ul style="list-style-type: none"> - A (im)posibilidade da écfrase; - Dende os exemplos clásicos gregos ás reconceptualizacións románticas e ás inspiracións contemporáneas. <p>Selección de visionados / lecturas dende Homero ata Keats e @s autor@s do s. XXI.</p>
Interrogando a écfrase: quen mira? cal é o obxecto da mirada?	<ul style="list-style-type: none"> - Écfrase e poscolonialismo. - Écfrase e estudos de xénero. - Écfrase e ecocrítica.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	A12 A13 B4 B6 B9 B11 B12	14	35	49
Prácticas a través de TIC	B3 B5 B6 B8 B10 B12 B13	0	7	7
Traballos tutelados	A10 A12 A13 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15	0	18	18
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	As horas de clase adicaranse puntualmente á presentación inicial de contidos e, principalmente, á análise en grupo e ao debate sobre as lecturas e visionados previamente asignados.
Prácticas a través de TIC	Cada estudante deberá responsabilizarse de traballar todo o material asignado e disponible na plataforma virtual Moodle e estar preparadx para o debate e discusión en clase.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá completar dous traballos breves para presentar na aula (20% da nota) e un traballo final que poderá consistir nun exercicio de análise crítica ou nunha crítica de campo (40% da nota).



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A profesora está ao dispor de cada estudante para supervisar o seu traballo durante todo o curso.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A10 A12 A13 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15	Dúas tarefas breves a presentar na aula (mencionadas no apartado "obradoiro") (20%) Un proxecto final individual (40%). Dúas opcións: 1. Escribir unha reseña / crítica sobre o campo / xénero / ferramenta analítica da écfrase. 2. Escribir unha comunicación para un congreso sobre a conexión ekfrástica entre, por exemplo, unha novela e un cadro, ou usando a écfrase como ferramenta para unha lectura crítica dun texto determinado. En calquera caso, o traballo debería ser de 8 a 10 páxinas, a espazo dobre, con fonte Times New Roman 12 e adherirse ao estilo de citación MLA. Entregarase na data oficial asignada para o exame final.	60
Obradoiro	A12 A13 B4 B6 B9 B11 B12	(20%) Teranse en conta a participación activa e as aportacións a cada discusión de clase, debate ou actividade. (20%) Polo tanto, a preparación do material asignado antes da clase é esencial e haberá actividades de control. Tamén se lle pedirá ao alumnado que dirixa na clase a discusión sobre textos literarios e visuais previamente seleccionados, así como que realicen unha presentación sobre artigos críticos (a avaliación destas dúas tarefas entra dentro da porcentaxe dos "Traballos tutelados"). As datas de estas dúas actividades decidirase co alumnado ao arrancar esta materia.	40

Observacións avaliación



Aquel(a) estudante que non leve a cabo o traballo tutelado ou non teña realizado traballo igual ou superior ao 50% do resto das categorías de avaliación acadará a cualificación de NP ("Non Presentado"). A oportunidade de avaliación en xullo constará de dous apartados: 1) o traballo final tutelado (co mesmo deseño e aplicándose idénticos criterios que na primeira oportunidade) e que computará o 40% da nota; 2) as actividades substitutivas do traballo de clase que computarán o 60% restante da nota. Dependendo da parte que teña que "recuperar" cada estudante, daranse indicacións sobre temas e tipos de actividades. Un/ha estudante que deba entregar en xullo traballo equivalente a todo este apartado (é dicir, 60% da súa nota) deberá completar un traballo de recensión crítica (20%) e unha análise literaria de dúas obras efrásticas distintas (20% cada unha). Deberanse entregar ambas compoñentes, á máis tardar, antes das 14 horas da data oficial do exame final da materia.

Dado

o carácter semi-presencial do título, a asistencia é obrigatoria, salvo dispensa solicitada en tempo e forma e concedida pola Comisión Académica Universitaria do título, e sempre respetando as normativas de asistencia a clase das tres universidades participantes no título, así como os sistemas de avaliación que figuran expresamente nas guías docentes das diferentes materias, e sen prexuízo das consecuencias que poida ter para a súa avaliación final a ausencia a determinadas sesións presenciais.

Quen teña concedida a dispensa académica, e como establece a Normativa de permanencia da universidade, será avaliada@ seguindo os criterios aplicables á convocatoria de xullo. Os alumnos que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo. O plaxio en calquera actividade significará a cualificación de "cero" nesta actividade. O profesorado poderá usar o servizo de detección do plaxio ?Turnitin? para revisar o traballo do alumnado. Todos os traballos e actividades deberán ser entregados en tempo e forma para así evitar unha penalización do 25% sobre a nota obtida nos mesmos.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>Fraser, Hilary. <i>Women Writing Art History in the Nineteenth Century: Looking Like a Woman.</i> Cambridge: Cambridge University Press, 2014. Giddings, Robert, Keith Selby and Chris Wensley. <i>Screening the Novel: The Theory and Practice of Literary Dramatization</i>. London: MacMillan, 1990. Gronlund, Melissa. "A Short History of Ekphrasis and its Demanding Audience," in Rike Frank (ed.), <i>Sketches of Universal History Compiled from Several Authors</i> by Sarah Pierce, <i>Book Works</i> (2013): 31-38. https://www.academia.edu/34879546/Sketches_of_Universal_History_Compiled_from_Several_Authors_by_Sarah_Pierce Heffernan, James A. W. "Ekphrasis and Representation." <i>New Literary History</i>, 22.2 (1991): 297-316. Heffernan, James A. W. <i>Museum of Words: The Poetics of Ekphrasis from Homer to Ashbery</i>. Chicago: The University of Chicago Press, 1993. Messenger, Cynthia. "But How Do You Write a Chagall?": Ekphrasis and the Brazilian Poetry of P.K. Page and Elizabeth Bishop. <i>Canadian Literature: A Quarterly of Criticism and Review</i>, Vol. 142/143 (Fall/Winter 1994): 102-117. https://canlit.ca/article/but-how-do-you-write-a-chagall/ Mitchell, W.J.T. "Ekphrasis and the Other." <i>Picture Theory</i>. Chicago: University of Chicago Press, 1994, pp. 151-181. https://romantic-circles.org/editions/shelley/medusa/mitchell.html</p> <p>Fraser, Hilary. <i>Women Writing Art History in the Nineteenth Century: Looking Like a Woman.</i> Cambridge: Cambridge University Press, 2014. Giddings, Robert, Keith Selby and Chris Wensley. <i>Screening the Novel: The Theory and Practice of Literary Dramatization.</i> London: MacMillan, 1990. Gronlund, Melissa. "A Short History of Ekphrasis and its Demanding Audience," in Rike Frank (ed.), <i>Sketches of Universal History Compiled from Several Authors</i> by Sarah Pierce, <i>Book Works</i> (2013): 31-38. https://www.academia.edu/34879546/Sketches_of_Universal_History_Compiled_from_Several_Authors_by_Sarah_Pierce Heffernan, James A. W. "Ekphrasis and Representation." <i>New Literary History</i>, 22.2 (1991): 297-316. Heffernan, James A. W. <i>Museum of Words: The Poetics of Ekphrasis from Homer to Ashbery.</i> Chicago: The University of Chicago Press, 1993. Messenger, Cynthia. "But How Do You Write a Chagall?": Ekphrasis and the Brazilian Poetry of P.K. Page and Elizabeth Bishop. <i>Canadian Literature: A Quarterly of Criticism and Review</i>, Vol. 142/143 (Fall/Winter 1994): 102-117. https://canlit.ca/article/but-how-do-you-write-a-chagall/ Mitchell, W.J.T. "Ekphrasis and the Other." <i>Picture Theory.</i> Chicago: University of Chicago Press, 1994, pp. 151-181. https://romantic-circles.org/editions/shelley/medusa/mitchell.html</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías